



**Plan de acción titorial e atención ás necesidades  
específicas de apoio educativo**

**Informe final de Avaliación 2023/2024**

**R2 - DO0203 P1**

## ÍNDICE

1. INFORMACIÓN XERAL.....	1
2. COORDINACIÓN.....	1
3. AVALIACIÓN DO PAT.....	1
4. CONCLUSIÓNS.....	5

## 1. INFORMACIÓN XERAL

<b>Centro</b>	Escola Universitaria de Maxisterio "María Sedes Sapientiae"		
<b>Ámbito de aplicación</b>	Grao en Educación Infantil Grao en Educación Primaria		
<b>Curso de implantación do PAT</b>	2012/2013	<b>Data de aprobación da versión en vigor do PAT</b>	23 de marzo de 2021

## 2. COORDINACIÓN

<b>Coordinadoras do PAT-ANEAE</b>	Susana Álvarez Lago Paula Ramos Garrido
<b>Titoras de curso</b>	Purificación García Cajide (1º Grao en Educación Infantil A) Marta Lloves Pequeño (1º Grao en Educación Infantil B) Elena Ciga Tellechea (1º Grao en Educación Primaria A) Mª del Mar Muñoz Prieto (1º Grao en Educación Primaria B) Julia Criado del Rey Morante (2º Grao en Educación Infantil) Susana Álvarez Lago (2º Grao en Educación Primaria) Marta Peláez Torres (3º Grao en Educación Infantil) Mª del Carmen Rodríguez Lorenzo (3º Grao en Educación Primaria) Ana Caiño Carballo (4º Grao en Educación Infantil) Mª Fernanda Piñero Sampayo (4º Grao en Educación Primaria)

## 3. AVALIACIÓN DO PAT

GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS				
Obxectivos xerais				
Obxectivo	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación
Establecer a titoría e a orientación académica e profesional na Universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola mesma.			x	Todos os membros do PAT-ANEAE están comprometidos con este obxectivo, desenvolvendo as súas funcións de maneira axeitada.

Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor tutor.			x	Todos os cursos teñen asignada unha profesora titora dende o inicio de curso que leva a cabo estas funcións.
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		x		A través de distintas canles, as titoras mantiveron unha comunicación constante cos seu alumnado, presentándolles as diferentes actividades que tiveron lugar, tanto dentro como fóra da Escola, e invitándolles a participar. A resposta do alumnado non sempre foi satisfactoria.
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar...		x		O alumnado pode acceder a este tipo de información nos taboleiros e na Secretaría da Escola, nas reunións das titoras cos seus titorandos e na pantalla situada na entrada da Escola. Sinalar que parte do alumnado segue tendo desinformación e/ou dúbidas neste campo.
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo cooperativo e en equipo.		x		Na maioría das materias desenvólvense tarefas grupais que favorecen o traballo conxunto do alumnado e permiten afondar na súa propia aprendizaxe. Todo o profesorado está implicado para que o discente sexa capaz de organizar o seu propio proceso de aprendizaxe, de tomar decisións e de ser responsable no seu estudo.
Entender a función do profesor/a como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para conseguir progresivamente a súa regulación e xestión autónoma.			x	Os claustros e as reunións de coordinación serven para que o profesorado comparta o seu compromiso co alumnado, expoñendo as dificultades/problemas atopados no seu labor docente e buscando, entre todos, solucións que axuden ao discente a aprender por si mesmo, a aprender a aprender, a pensar e a ser crítico.

Garantir o desenvolvemento das accións determinadas dentro do programa de atención ás necesidades de apoio educativo do alumnado do centro. A comunicación entre as persoas coordinadoras do PAT-ANEAE e o profesorado do centro será continua, trasladando as actividades a desenvolver e as adaptacións que garantan a atención á diversidade e a igualdade de oportunidades deste alumnado.			x	Ao comezo de curso, cada titora presenta á coordinadora do programa de atención ás necesidades de apoio educativo do alumnado na Escola, así como o PIUNE na Universidade de Vigo. <b>Un total de trece estudantes</b> solicitaron este servizo e, unha vez estudado cada caso e marcadas as accións a levar a cabo, a coordinadora mantivo unha relación permanente cos docentes de cada un deles e, principalmente, coa súa titora para garantir o cumprimento das mesmas e facer un seguimento personalizado de cada estudante. Con todo isto inténtase garantir que este tipo de alumnado poida alcanzar os obxectivos xerais marcados.
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisión baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.		x		Promóvese a axuda e colaboración entre todos os membros da comunidade educativa ante os problemas co fin de obter unha solución óptima. Considéranse e respéctanse as opinións e achegas para iso. Destacar a necesidade de traballar máis, por parte das titoras, na procura de un maior compromiso e implicación por parte do estudantado en este tipo de cuestións.
Empregar o PAT como unha forma máis de obtención de datos e valoración sobre o propio desenvolvemento e mellora da calidade da titulación.		x		A comunicación é fluída e constante coa responsable da Área de Calidade da Escola, e o cumprimento das enquisas de avaliación por parte do alumnado e as titoras axudan ao logro deste obxectivo. Destacar que, a falta de coñecemento do PAT dunha parte do estudantado, non garante unhas enquisas que axuden na mellora da calidade xa que están cubertas sen demasiado xuízo crítico e construtivo.
Obxectivos específicos				
Obxectivo	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación
Facilitar e mellorar a integración dos estudantes na vida académica.			x	Durante o curso leváronse a cabo numerosas actuacións dirixidas a desenvolver este obxectivo, facilitando a integración do alumnado na vida académica da Escola. Cabe reflexionar sobre a súa presentación e a invitación a participar nelas, xa que a resposta non sempre foi a esperada.

Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.		x		O resultado obtido nas enquisas de calidade é satisfactorio, pero seguimos traballando e tomando decisións para dar resposta ás demandas do alumnado.
Reducir a taxa de abandono.	x			Este obxectivo non se tivo en conta.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo e informativo dos alumnos/as.		x		Invitación a participar en xornadas, cursos, mesas redondas organizadas pola Escola ou por outra institución como unha oportunidade para complementar a formación e información do alumnado en diferentes ámbitos.
Orientar e fomentar a inserción laboral dos alumnos.		x		Ofrécese información ao estudantado, principalmente do último curso, sobre as oposicións, a importancia dun segundo idioma, etc. e publícanse nun taboleiro da Escola diferentes ofertas de traballo, tanto en España como fora.
Aumentar a taxa de eficiencia e a taxa de graduación.	x			Este obxectivo non se tivo en conta.
Mellorar a información dos estudantes en relación co Centro e a Universidade.		x		Diferentes organismos da Escola como o PAT, a Comisión de Calidade ou a Coordinación Web e Marketing desenvolven un traballo constante na mellora deste obxectivo, pois o alumnado descoñece moitos aspectos relacionados coa Escola e a Universidade. Destacar, no caso do PAT, a ausencia da figura do estudante titor como facilitador de este tipo de información.

GRAO DE CUMPLIMENTO DO PAT					
Actuacións de organización					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
<u>Sesión</u> Organización e presentación		x		A comunicación co profesorado en temas relacionados co PAT/ANEAE, nas reunións celebradas en xuño e xullo no curso 2022/2023, debe ser ampliada.	Profesorado
<u>Presentación</u> Estudantes e Titoras			x	Presentación das titorías nos primeiros días de clase: funcións, utilidade, avisos, etc.	Estudantes e titoras
<u>Asesoramento</u> Seguimento continuo			x	Reunións co alumnado para asesoral e escoitar as súas queixas e/ou suxestións ao longo do curso. No primeiro curso realizáronse entrevistas individuais cos estudantes, mentres que no resto	Estudantes e titoras

				dos cursos estas realizáronse sempre que o estudante o solicitou.	
<i>Análise</i> Avaliación final do PAT		x		As enquisas de satisfacción non foron entregadas en todos os cursos e, por outro lado, non participou un gran número de estudantes polo feito de repartilas nas últimas semanas de clase. Por outro lado, non se recolleron as valoracións de todas as titoras sobre como foi a súa titoría durante o curso.	Estudantes e titoras
Actuacións de acollida					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
Acto de benvida alumnado de 1º			x	Recibiuse ao alumnado de novo ingreso nos actos de presentación que tiveron lugar o día 7 de setembro de 2023.	Alumnado de 1º, profesorado e dirección do centro
Acto de presentación alumnado de 2º, 3º			x	Día sinalado para reunirse o alumnado de cada curso e especialidade coa súa titora. Tiveron lugar o día 11 de setembro de 2023.	Titoras e alumnado de 2º, 3º
Actuacións de apoio e seguimento					
Actividade	Non desenvolvido	Parcialmente desenvolvido	Desenvolvido	Xustificación	Asistentes
Accións co profesorado titor			x	Reunións cada cuatrimestre para comentar a marcha das titorías, organización, propostas de mellora, actuacións a levar a cabo,...	Titoras e coordinadora do PAT
Accións co alumnado titor	x			Durante o curso 2023/2024, a figura do alumnado titor non foi desenvolvida por ninguén xa que ningún estudante presentou a súa candidatura na convocatoria que tivo lugar no mes de setembro.	Alumno/a titor/a e coordinadora do PAT

## 4. CONCLUSIÓN

O Plan de Acción Titorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) durante o curso 2023/2024, tendo en conta os resultados das enquisas (ver ANEXO), funcionou satisfactoriamente, en constante procura de momentos de encontro entre titora e alumnado, tanto grupais como individuais, de maneira presencial e a través de diferentes medios telemáticos como Teams ou Intranet. Todas as actuacións levadas a cabo estaban enfocadas a

lograr os obxectivos propostos. Aínda así, é necesario atender a ese alumnado que considera que o PAT non respondeu ás súas expectativas (2,20% nada e 15,79% pouco) ou que considera moi baixo o grao de utilidade (2,20% nada e 14,91% pouco), ampliando as canles de comunicación para escoitar as súas suxestións e/ou queixas e poder mellorar a nosa labor dentro e fora das aulas.

A presenza da titora na vida académica dos seus titorandos é un aspecto importante e que intentamos coidar dende a coordinación, principalmente co alumando de primeiro, o cal ten un seguimento máis próximo e constante para facilitar a súa integración na vida universitaria. De feito, o 86,84% do estudantado considera axeitado o sistema de seguimento, incluso, nalgúns casos, comentan a necesidade de incrementar as titorías individuais e grupais.

As titoras consideran que a documentación e a información previa ofrecida polo equipo coordinador do PAT-ANEAE foi suficiente. Cómpre destacar que a comunicación ao longo do curso entre elas e a coordinadora foi constante, tendo reunións onde discutir sobre actuacións a levar a cabo para dar resposta as necesidades do alumnado, avaliar as xa executadas ou que estaban en marcha, compartir experiencias, resolver dúbidas...

Por outra banda, os encontros que tiveron lugar entre titora, profesorado da súa titoría e coordinadora do PAT, unha en cada cuatrimestre, foron de especial relevancia e contribuíron a ter unha visión global do que acontecía dentro e fora das aulas, tratando sempre de buscar solucións ás inquiredanzas, dificultades ou necesidades do alumnado.

Cabe destacar o traballo desenvolvido pola coordinadora do ANEAE, en colaboración co PIUNE, sempre disposta a atender ao alumando que solicitaba a súa axuda, presentando unha serie de accións adecuadas a cada caso e que compartía co resto de profesorado para garantir a total integración destes estudantes na vida universitaria. Neste curso 2023/2024, foron un total de trece estudantes os que solicitaron apoio educativo. Deste grupo, cinco deles están diagnosticados de trastorno de déficit de atención e/ou hiperactividade con diferentes manifestacións, un estudante presenta Síndrome de Duane que cursa con dificultades visuais, dous trastorno do aprendizaxe con dificultades en lectura e escritura, un disfemia, un trastorno de ansiedade e, por último, un estudante que presenta trastorno depresivo.

Este curso académico non contou coa figura do estudante titor en ningunha das titulacións. Durante o mes de setembro, as coordinadoras do PAT e da Comisión de Calidade presentaron en todas as clases, excepto nas de cuarto, os diferentes órganos da Escola e a posibilidade que teñen de participar en algúns de eles de maneira activa presentando a súa candidatura para ser



elixidos nunhas votacións que se celebrarían na primeira semana de novembro, neste caso, para desenvolver as funcións de estudante titor. Ninguén se presentou, quedando vacante esta figura do PAT tanto en Grao en Educación Primaria como en Grao en Educación Infantil.

Con respecto as conferencias e cursos/talleres/concursos... celebrados no centro, cabe comentar que estas estiveron destinadas á formación e información do alumando, abarcando un gran abanico de temas. Así, tiveron lugar os seguintes actos:

<b>Conferencias/Charlas</b>	<b>Data de celebración</b>
Como auga en copa de cristal tallado	26 de outubro
A pregunta como ferramenta educativa	2 de novembro
A importancia da saúde mental	23 de novembro
Conversación e oratoria para profesionais	30 de novembro
A importancia da detección precoz nos trastornos do neurodesarrollo.	8 de febreiro
Educación no exterior: becas e saídas profesionais no estranxeiro	15 de febreiro
Terrorismo en España nos últimos 50 anos	29 de febreiro
O duelo nos nenos	7 de marzo
Benestar emocional visto polo alumnado de Maxisterio.	4 de abril
Altas Capacidades. O papel da escola na acreditación e intervención educativa.	2 de maio
Normativa académica	9 de maio

<b>Cursos/Talleres/Concursos...</b>	<b>Datas de celebración</b>
Celebración do Magosto	16 de novembro
Concurso e celebración do Nadal	Mes de decembro
V Concurso fotográfico "Día Internacional da muller"	Mes de marzo
Talleres para nenos de altas capacidades. Escola de Familias. Inventiva	Novembro- xuño
Saída cultural a Oseira e Celanova	18 de abril

A participación do alumnado nestas actividades non sempre foi a esperada. Os temas, os relatores, as actividades organizanse co obxectivo de axudar ao alumnado na súa formación como persoa e como futuro mestre. É importante buscar a maneira de despertar nel o interese e

ás gañas de saber, logrando tamén unha maior integración e participación na vida universitaria. Por contra, cabe destacar a gran acollida que tivo a saída cultural, onde profesorado e alumnado contou cun espazo, fóra da Escola, para compartir e mellorar as relacións.

Susana Álvarez Iago  
Coordinadora del PAT

## V. ANEXO

Resumen dos resultados obtidos nos 228 cuestionarios de satisfacción cubertos polo alumnado.

**ANEXOIV-A**  
PLAN DE ACCIÓN TITORIAL:  
CUESTIONARIO FINAL DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO

1. Valore a documentación e a información previa ofrecida do PAT:

Insuficiente	10,96%
Suficiente	89,04%

2. Avalíe a organización e a coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT:

Moi mala	1,32%
Mala	8,33%
Boa	70,18%
Moi bo	20,17%

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás súas expectativas?

Nada	2,20%
Pouco	15,79%
Bastante	64,47%
Moito	17,54%

4. Valore o grao de utilidade do PAT:

Nada	2,20%
Pouco	14,91%
Bastante	60,96%
Moito	21,93%

5. Pensa que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

Si	85,09%
Non	14,91%

6. Considera axeitado o sistema de seguimento?

Si	86,84%
Non	12,28%
NS/NC	0,88%

